

4. LIGA 3º DIVISIÓN SÉNIOR MASCULINA

4.1. EQUIPOS PARTICIPANTES

Esta categoría estará formado polos equipos da Comunidade Autónoma Galega seguintes:

- Equipos descendidos da 2ª División Masculina da temporada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos que o Comité de Actividades autorice a participar.

4.2. DATA DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 23 de setembro ás 13.00 h.

4.3. XOGADORES.

A data límite para dar de alta a xogadores nesta categoría será as 14:00 h do 26 de febreiro do 2027. Nesta competición permitirase un máximo de 15 xogadores que poderán ter licenza por un equipo, se ben só se poderán alinear un máximo de 12 xogadores por partido.

4.4. FORMA DE XOGO

Liga Regular

Os equipos inscritos dividiranse en 6 grupos dun mínimo de 8 e un máximo de 12 equipos a ser posible, distribuídos por proximidade xeográfica. A distribución, composición, número de integrantes dos grupos e forma de xogo efectuaráa o Comité de Actividades da FGB, así como a resolución das incidencias e reclamacións que se produzan fronte ás mesmas.

Nestes grupos xogarase unha liga a dobre volta todos contra todos.

Nas delegacións que haxa maior número de equipos inscritos poderán facerse dúas subdivisións desta categoría con ascensos e descensos.

Datas de Xogo

A competición disputarase nas seguintes datas que poderán ser modificadas polo Comité de Actividades da FGB:

Fase de Ascenso

Disputarán a Fase de Ascenso os dous primeiros clasificados de cada un dos grupos (12 equipos) e distribuiranse por sorteo puro en 3 grupos de 4 equipos, nos que disputarán unha liga a dobre volta (6 xornadas).

O equipos clasificados en 1º lugar de cada un dos grupos da fase de ascenso ascenderá a Liga 2ª División Sénior Masculina.

Datas de Xogo

Outubro: 11, 18, 25

Novembro: 1, 8, 15, 22, 29

Decembro: 13, 20

Xaneiro: 10, 17, 24, 31

Febreiro: 7, 14, 21, 28

Marzo: 7, 14, 21

Abril: 4, 11, 18.

Fase de Ascenso

Maio: 2, 9, 16, 23, 30

Xuño: 6

Copa Premium

Os equipos que non se clasifiquen para a Fase de Ascenso poderán disputar a Copa Premium, que ao efecto poderá organizar a FGB. Sendo esta competición de carácter zonal e co formato que se estipule polo Comité de Actividades en base ás solicitudes para disputala.

4.5. DATAS DE SORTEOS

Liga: 29 de setembro ás 16.00 horas.

F. Ascenso: 19 de abril ás 13.00 horas.